



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de setembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dous de setembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (Resolución Alcaldía 30/08/19) por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(770).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(771).- EXCLUSIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 81/441.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 30/08/19, que di o seguinte:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionado (PROPOSTA DE EXCLUSIÓN)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

“Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de agosto de 2019, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 12 de xullo de 2019, por ter formulado ofertas con calidade técnica inadecuada ao ter acadado unha puntuación por debaixo do 50% da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor (motivo de exclusión recollido no apartado 7 do Anexo I -FEC- do PCAP):
 - LIMPIEZAS CÍES, S.L.
 - SAMYL S.L.
- Sesión do 12 de agosto de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan, polos motivos recollidos no informe do 6 de agosto de 2019 e de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - TEMPO FACILITY SERVICES
 - LIMPEZAS FARO S.L.
 - UTE OHL SERVICIOS INGESAR E INGESER ATLÁNTICA
 - MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.

Segundo.- Excluir a ACTÚA, SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE, S.L. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 26 de agosto de 2019”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,
Francisco Javier Pardo Espiñeira.